

Sintaxe da lingua galega (2): unidades e funcións sintácticas. Tipos de cláusulas. A oración. Os modos de enunciación

Índice de contidos:

1. Introducción
2. Unidades e funcións sintácticas. Definición e tipos
 - 2.1. A cláusula (2ª parte)
 - 2.1.1. Tipos de cláusulas segundo a estrutura do predicado: simples e complexa ou subordinada (substantiva, adxectiva, adverbial)
 - 2.1.2. Tipos de cláusulas segundo a natureza do predicado: atributivas ou predicativas, activas ou pasivas (comúns ou reflexas), transitivas (propias, reflexivas, recíprocas) ou intransitivas, persoais ou impersoais (unipersoais, gramaticalizadas, activas)
 - 2.3. A oración
 - 2.3.1. Bipolar ou interordinada (adversativa, concesiva, condicional, causal, consecutiva, comparativa)
 - 2.3.2. Composta ou coordinada (copulativa e disxuntiva)
3. Modos de enunciación: afirmativo e negativo, enunciativo, interrogativo, desiderativo, imperativo, exclamativo e dubitativo

1. Introducción

Na unidade anterior iniciamos o estudo sintáctico da lingua galega. Analizamos a unidade *frase* tendo en conta os tipos e funcións que se desenvolven nela. Así mesmo, iniciamos o estudo da unidade *cláusula* estudando a súa definición e as funcións que teñen lugar no seu interior.

Na presente unidade, completamos o estudo da unidade *cláusula* vendo os tipos de cláusulas que se distinguen tendo en conta o predicado, valorando as relacións que se manteñen e a propia natureza do predicado. Ademais, iniciaremos o estudo da unidade *oración* (tipos e funcións). Finalmente, estudaremos os principais modos de enunciación que se coñecen na nosa lingua.


2. Unidades e funcións sintácticas. Definición e tipos

2.1. A cláusula (2ª parte)

2.1.1. Tipos de cláusulas segundo a estrutura do predicado


Ao igual que para as frases, as estruturas que forman as cláusulas poden ser simples ou complexas. Son simples se posúen un só predicado e se sobre este orbitan os distintos complementos verbais.

Exemplo de cláusula **simple**: *A casa de pedra ten dúas entradas*



Son **complexas** aquelas que presentan máis de un predicado e, entre eles, se produce unha relación de inclusión e dependencia (unha cláusula contén outra cláusula no seu interior). A cláusula que se sitúan no interior doutra coñécese como subordinada.

Exemplo de cláusula complexa ou subordinada: *A casa de pedra que vimos onte ten dúas entradas.*




Neste segundo caso, como vemos, estamos ante unha cláusula complexa ou subordinada porque no seu interior aparece outra estrutura clausal que funciona como modificador dunha frase substantiva.

Existen tres tipos de cláusulas complexas ou subordinadas: substantivas, adxectivas e adverbiais.

- Subordinadas substantivas: son aquelas que van introducidas pola conxunción *que* (que actúa de nexo, e que pode ir precedida dunha preposición). Esta cláusula substantiva, en conxunto, realiza as funcións que podería desenvolver un substantivo dentro da cláusula da que depende: SUX, PVO, SUPL, CD, CC, etc.

***Que o víses antes non quere dicir nada* → SUX**

***Díxolle que puxese un abrigo* → CD**




Repara en que...:

Neste exemplo, a cláusula subordinada substantiva desenvolve dentro do conxunto a función de CD, e a conxunción *que* actúa unicamente como nexo de unión.

- Subordinadas adxectivas ou de relativo: son as cláusulas que van introducidas polo pronome relativo *que* e desempeña a mesma función cá dun adxectivo (modificador dun núcleo dunha frase substantiva) e poden, na maioría dos casos, ser perfectamente substituíbles por un adxectivo.

*A casa **que viches** non era a miña* → *A casa vista*

*Devolveulle os cartos **que lle debía*** → *Os cartos debidos*



Repara en que...:

Neste exemplo, a cláusula subordinada adxectiva (*que viches*) actúa como modificador do substantivo que a precede (*casa*). O *que*, neste caso, non actúa como nexos de unión senón que actúa como pronome en tanto que substitúe o propio elemento *casa* dentro da subordinada.


Deste modo, podería interpretarse a subordinada como:

A casa que viches → *Ti viches a casa*, proba que nos permite descubrir que *a casa* (e, polo tanto, o pronome *que*) actúa dentro da subordinada como un CD.

- Subordinadas adverbiais: son aquelas cláusulas que van introducidas polos adverbios *cando*, *onde* e *como* (ou por outras locucións adverbiais), que actúan de nexos relacionantes. En conxunto, as subordinadas adverbiais realizan dentro da cláusula principal as funcións de CC de tempo, lugar ou modo.

*Os paxaros casan **cando remata o inverno*** → CC tempo

*Explicounos o caso **como mellor soubo*** → CC modo



Repara en que...:

Neste exemplo, a cláusula subordinada adverbial desenvolve dentro do conxunto a función de CC de tempo, e o adverbio *cando* actúa unicamente como nexo de unión.

Entre os predicados, ademais de producirse unha relación de inclusión, o que os sitúa a distinto nivel de análise dentro dunha cláusula (como acabamos de ver, isto dá lugar ás cláusulas subordinadas), pode suceder que os predicados manteñan unha relación no mesmo nivel de análise. Cando os predicados manteñen entre si relacións ao mesmo nivel de análise, conforman estruturas que coñecemos como **oracións** (que veremos en apartados posteriores).

Así pois, dependendo do tipo de predicado, distinguimos as seguintes estruturas:

→ **Cláusulas** (acabamos de verlas):

- Simples: cando aparece unicamente un PRED
- Complexas ou subordinadas: cando aparece máis de un PRED e entre eles se produce unha relación de dependencia a distinto nivel. Poden ser substantivas, adxectivas ou adverbiais.

→ **Oracións** (verémolas a continuación): cando aparece máis de un PRED e entre eles se produce unha relación ao mesmo nivel. Esta relación pode ser:

- Interordinada ou bipolar (interdependencia)
- Composta ou coordinada

2.1.2. Tipos de cláusulas segundo a natureza do predicado

Segundo o tipo de predicado que presentan as cláusulas e as oracións, estas poden ser de diverso tipo (tradicionalmente, coñécese como *dictum oracional*):

a) Atributivas: como vimos, son atributivas aquelas que se constrúen con predicado nominal, que forman os verbos *ser*, *estar*, *parecer* e *semellar*, máis un complemento que cualifica o suxeito. Exemplos:

- María **é** veterinaria.
- Meu pai **está** enfermo.
- A casa **parecía** deshabitada.
- Pola súa cara **semellaba** canso.

b) Predicativas: son predicativas aquelas cláusulas e oracións que se constrúen con predicado verbal. Son de diverso tipo:

b.1) Activas: o verbo preséntase en voz activa. Exemplo: *mercaron unha casa*. Son de catro tipos:

b.1.1) Transitivas: son de tres tipos:

b.1.1.1) Propias: o significado do verbo precisa dun CD para acadar o sentido completo. Exemplo: *Merquei uns zapatos. Alicia comía unha mazá.*

b.1.1.2) Reflexivas: o suxeito realiza e tamén recibe a acción expresada polo verbo. O SUX e o CD, pois, son o mesmo. Exemplos: *O mozo peitéase. María feríuse.*

b.1.1.3) Recíprocas: existen varios SUX e eles realizan a mesma acción uns sobre os outros. O SUX é tamén CD ou CI da acción verbal. Exemplos: *Xulía e Xabier quérense. Os dous carteáronse durante a guerra.*

b.1.2) Intransitivas: o verbo non precisa dun CD para ter significación plena. Exemplos: *O atleta corre velozmente. As árbores medran con lentitude.*

b.1.3) Impersoais: son de tres tipos:

b.1.3.1) As que utilizan os verbos unipersoais: aqueles que sinalan accións meteorolóxicas (chove, venta, neva, etc.). Exemplo: *Choveu moi forte onte pola noite;*

b.1.3.2) Tamén é impersoal a cláusula ou oración que utiliza as formas gramaticalizadas do verbo *haber*, *ir* e *facer* en terceira persoa do singular. Exemplo: *Hai anos que non sei de ti*.

b.1.3.3) Impersoal activa: na enunciación dunha cláusula ou oración, preténdese conscientemente indeterminar un suxeito aínda que realmente este suxeito poida existir. A indeterminación márcase co pronome *se* a través de construcións impersoais reflexivas que se constrúen sempre en terceira persoa e levan o pronome persoal *se*: *alégase casa para temporada de verán; xa se recolleu toda a uva*.

b.2) Pasivas: o verbo preséntase en voz pasiva. Exemplo: *a casa foi mercada*.

b.2.1) Comúns ou perifrásticas: constrúense coa perífrase de pasiva *ser* + *participio*. Exemplos: *Os traballadores foron recibidos polo director. O accidentado foi rescatado polos bombeiros*.

b.2.2) Reflexas ou pasivas impersoais. Constrúense coa forma *se* + *verbo en terceira persoa* (do singular ou do plural) concordando co SUX. Exemplos: *A súa colaboración non se pode desestimar. Véndense casas*.

2.3. A oración

A oración é a unidade sintáctica de maior nivel, integrada por cláusulas que manteñen entre si unha relación ao mesmo nivel. A oración é a unidade de referencia no estudo sintáctico.

Segundo a relación que manteñan entre si os predicados, podemos falar de dous tipos de oracións: bipolares ou interordinadas, e compostas ou coordinadas.

2.3.1. Oracións bipolares ou interordinadas

As oracións bipolares recoñécense cando entre as cláusulas se produce unha relación de interdependencia, é dicir, a existencia dunha cláusula esixe a presenza da outra no conxunto, e viceversa (dito doutro xeito: non pode existir unha cláusula sen a outra). A relación que se establece entre as cláusulas é distinta, e esta determina o sentido final da oración, que pode ser de diverso tipo:

- Oracións bipolares adversativas: en conxunto, transmítese unha idea xeral de oposición entre dúas ideas ou conceptos, aínda que tamén pode indicar restrición, rectificación, atenuación, compensación ou adición. Por isto, as cláusulas que forman esta estrutura bipolar reciben o nome de TESE e ANTÍTESE. Os nexos empregados son as conxuncións adversativas *mais*, *e mais*, *pero*, *senón*, *agora ben*, etc.

Sube pero non veñas polo ascensor

- Oracións bipolares concesivas: relacionadas coas anteriores, transmiten unha idea xeral de oposición á realización dunha acción, pero esta dificultade non altera esta acción. As cláusulas que forman esta estrutura reciben o nome de TESE e ANTÍTESE. Os nexos empregados son as conxuncións concesivas *aínda que, malia que, mesmo que, ben que*, etc.

Aínda que viñeses máis apurado, non chegarías a tempo

- Oracións bipolares condicionais: en xeral, expresan unha relación de implicación entre dous feitos, de xeito que se afirma que o cumprimento de un deles (condicionado) depende do cumprimento do outro (condicionante). As cláusulas reciben o nome de CONDICIONANTE e CONDICIONADO. Os nexos empregados son as conxuncións condicionais *se, como, con tal que, contando que, a menos que, de (+ inf.)*, etc.

Se chamases antes, íate buscar co coche

De chamares antes, iríate buscar co coche

- Oracións bipolares causais: transmiten unha relación de causa e efecto nas cales o nexos introduce o efecto. Os seus constituíntes son, pois, a CAUSA e o EFECTO. Os nexos empregados son as conxuncións causais *como, xa que, posto que, porque*, etc.

Posto que non chamaches, non soubemos que chegaras.

Como estaba tan nervioso, preocupounos.

- Oracións bipolares consecutivas: expresan a consecuencia como resultado dunha situación detallada como antecedente. Os elementos que a compoñen son, pois, o ANTECEDENTE e o CONSECUENTE. Os nexos empregados son as conxuncións consecutivas *entón, daquela, pois, por tanto, consecuentemente, así que*, etc.

Non chamaches, daquela non soubemos que chegaras.

É tan falador que non cala nin debaixo da auga

Púxose tan nervioso que nos preocupou

- Oracións bipolares comparativas: entre as cláusulas establécese unha relación de contraste ou comparación. Cada un dos elementos que conforman estas oracións recibe o nome de 1º TERMO e 2º TERMO. Como xa sabes, a comparación pode ser de igualdade, de superioridade e de inferioridade, e pode realizarse por dous procedementos, analíticos e sintéticos:

→ Os procedementos *analíticos* son os seguintes:

- Comparativo de igualdade: fórmase coas conxuncións comparativas *tan / tanto ... coma / como*. Exemplos:

- A pera estaba **tan** doce **como** o mel.

- O meu pai traballaba **tanto coma** min.
- Riu **tanto como** chorou con aquela novela.
- Comparativo de inferioridade: fórmase coas conxuncións comparativas *menos ... ca / que / do que*. Exemplos:
 - A pera estaba **menos** doce **có** figo (ca + o).
 - Agora mesmo non sei se é **menos** estudioso **ca** eles.
 - O resultado do partido foi **menos** bo **do que** esperabamos.
- Comparativo de superioridade: pódese formar a través de procedementos sintéticos ou analíticos. Cando o adxectivo aparece cuantificado a través de adverbios de cantidade ou mediante locucións, e polo tanto a comparación se expresa a través de varias palabras, estamos ante os procedementos *analíticos*:
Fórmase coas expresións *máis / maior / mellor ... ca / que / do que*. Exemplos:
 - A pera estaba **máis** doce **cá** mazá (ca + a).
 - Ten menos soldo e traballa **máis ca** nós.
 - Estudei para o exame **máis do que** ti pensas.

→ Os procedementos *sintéticos* refírense a aquel conxunto de adxectivos que poden establecer unha comparación de superioridade cunha soa palabra: son, *mellor, peor, menor, maior, superior*. Exemplo: *este libro é mellor ca aquel*.

Debes saber que...:

* Nos comparativos de igualdade, superioridade e inferioridade:

Empregaremos obrigatoriamente *ca* e *coma* cando o segundo termo da comparación é un pronomes persoal:

- É tan noitébrego coma ti, facedes boa parella.

Empregaremos obrigatoriamente *como* e *do que* cando o segundo termo da comparación é unha oración:

- Creo que é menos interesante do que ti pensas.

No resto dos casos empregaremos indistintamente *ca/que* e *coma/como*:

- Esa película resulta máis entretida *ca/que* esoutra.
- Este libro é tan interesante *como/coma* ese.

Debes saber que...:

O encontro da conxunción comparativa *ca* co artigo determinado represéntase *ca o(s), ca a(s)* ou *có(s), cá(s)*: *É máis ruín ca o / có demo; Betanzos é máis pequeno ca a / cá Coruña*.

Non debes confundir a forma **co** (contracción da preposición **con** e o artigo **o**) coa forma **có** (contracción de **ca**, partícula comparativa, e o artigo **o**).

Repara nestes exemplos:

- Votamos máis tempo cos outros (con eles)
- Votamos máis tempo cós outros (ca a eles)

Tal que:

cá (ca + a) **coa** (con + a)
có (ca + o) fronte a **co** (con + o)
cás (ca + as) **cos** (con + os)
cós (ca + os) **coas** (con + as)

→ A conxunción comparativa (ca) non contrae **nunca** coa preposición a. Exemplo:
*quéreme máis a min ca a ti (*cá ti).*

2.3.2. Oracións compostas ou coordinadas

Na análise sintáctica existen outro tipo de construcións que definen a relación que se produce entre dúas ou máis cláusulas ou oracións dentro do mesmo nivel de análise. A diferenza das oracións bipolares ou interordinadas, que acabamos de presentar, as oracións compostas ou interordinadas non manteñen unha relación de interdependencia entre si senón que manteñen unha relación de coordinación. Neste caso, a existencia dunha cláusula ou oración non esixe a presenza da outra. Existen dous tipos de oracións compostas ou coordinadas segundo sexa o tipo de coordinación que se produce:

- Oracións coordinadas copulativas: cando a relación que se establece entre as cláusulas ou oracións transmite a idea de acumulación, sucesión, ou concatenación. Os nexos empregados son as conxuncións copulativas *e*, *nin*, e *mais*, *mais*.

Exemplo: *Viñeron os teus pais e trouxeron o televisor*

(oración coordinada copulativa formada por dúas cláusulas)

Exemplo: *Aínda que o chames non vai querer vir e aínda que o vaías buscar tampouco virá*

(oración coordinada copulativa formada por dúas oracións)

- Oracións coordinadas disxuntivas: a relación que se establece entre as cláusulas transmite a idea xeral de elección entre dúas ou máis ideas propostas. O nexo empregado é a conxunción disxuntiva *ou*.

Exemplo: *Entras amodo ou saes pitando!*

(oración coordinada disxuntiva formada por dúas cláusulas)


Exemplo: *Se saes agora lévate eu ou se saes máis tarde lévate Xosé*

(oración coordinada disxuntiva formada por dúas oracións)

Repara en que...:

As construcións coordinadas, á parte de representárense no nivel da oración, tamén se atopan nos outros niveis de análise sintáctica inferiores (cláusulas, frases e palabras).

En calquera dos casos, a maneira de analizar estas unidades represéntase a través do esquema seguinte, onde M1 e M2 significan, respectivamente, membro 1 e membro 2:



- Nivel de frase:

Exemplo: *Pastel de améndoas e tortas de nocés*

- Nivel de palabra:

Exemplo: *Bo e barato*

Lembra que...:

Para que unha estrutura oracional sexa considerada oración, xa que logo, téñense que producir as seguintes condicións:

- Teñen que existir dúas ou máis cláusulas relacionadas.
- Esta relación debe producirse no mesmo nivel de análise, de modo que non se produce subordinación (neste caso, estaríamos ante unha cláusula subordinada).
- Entre estas cláusulas prodúcese ou ben unha relación de coordinación ou ben de interdependencia

3. Modos de enunciación

Polas súas características, a oración constitúe o que se coñece como **enunciado**: os elementos lingüísticos que o conforman funcionan de maneira autónoma (non dependen de ningunha estrutura superior) e por si propios expresan un significado completo, isto é, teñen independencia semántica e sintáctica.

Ao lado dos conceptos de natureza sintáctica antes sinalados (palabra, frase, cláusula, oración), debemos considerar o concepto de *enunciado*. O enunciado é un concepto do terreo de análise pragmática que considera as intencionalidades do discurso, que analiza os valores comunicativos en sentido amplo. Defínese como unha unidade de comunicación que, en xeral, posúe autonomía funcional, expresa sempre unha idea completa e posúe un sentido pleno. Formalmente, os enunciados comparten coa oración a independencia semántica e sintáctica.

O enunciado pode estar formado por as seguintes unidades sintácticas:

- unha soa palabra: como exemplo, un cartel co texto *rebaixas* no interior dun negocio
- unha frase: por exemplo, anuncios do tipo *auga non potable, en venda*, etc.
- unha cláusula: en exemplos como *alúganse vivendas, úsese con precaución*, etc.
- unha oración: *se non sabe como activalo, chame ao 112*

Repara en que....:

Tradicionalmente, a clasificación que imos estudar a continuación se atribúe exclusivamente aos enunciados que constitúen oración (*modus oracional*). Como vimos, os enunciados poden ser oracionais ou non oracionais. Serán oracionais se coinciden coas características antes definidas para oración e encaixan nalgunha das estruturas antes sinaladas para elas (simples, compostas, etc.); serán non oracionais se están formados por estruturas que non encaixan cos supostos que vimos: así, pode ser enunciado expresións do tipo: *pechado, arre demo!, fóra de servizo, bos días!, nin de broma!, bo proveito!, área de servizo*, etc.

Posto que se trata dunha unidade de comunicación, cando se emite prodúcese cunha determinada actitude (modo de enunciación). Neste caso, o falante pode adoptar fronte ao contido informativo da oración unha actitude variable, dependendo da súa intención, de acordo coa cal se coñecen os seguintes tipos de enunciados principais:

- Enunciados afirmativos e negativos:

Son as actitudes comúns de todos os enunciados posibles. Isto quere dicir que todos os tipos de enunciados que se recoñecen e que mencionaremos a continuación poden estar enunciados afirmativa ou negativamente.

O modo de enunciación por defecto da comunicación humana é a afirmación. Son afirmativas, pois, aquelas expresións que de maneira latente non negan a acción, o estado, o proceso, etc., transmitida polo enunciado. *Vas vir esta tarde ao concerto?, Abofé que son horas!, Sempre me chama para saír*, etc.

Son negativas, pois, aquelas expresións que especificamente presentan algunha marca de negación. *Non vas vir?, Non ho!, Nunca me chama para saír,* etc.

Os enunciados poden presentar unha negación total cando o elemento negado atinxe a todo o período. Exemplo: *non quero que veñas*. En cambio, estamos ante negación parcial cando o elemento negado só afecta a unha parte do enunciado. Exemplo: *quero que non veñas*.

- Enunciados aseverativos, declarativos ou enunciativos:

Dan unha información obxectiva sobre un feito. Exemplos: *Onte merquei uns zapatos de inverno. Os teus amigos non asistiron á festa.*

- Enunciados interrogativos:

Expresan a formulación dunha pregunta. Exemplos: *queres acompañarme ao cine? Volo? Sabes que agora non tes que pagar por eles?*

As interrogacións poden ser de dous tipos, totais ou parciais. Son interrogativas totais aquelas que preguntan sobre a totalidade do enunciado: *vas saír hoxe?*; son interrogativas parciais aquelas que preguntan por algún elemento do enunciado: *quen vai saír hoxe?*



- Enunciados desiderativos ou optativos:

Manifestan un desexo. Exemplos. *Oxalá teñades unha boa viaxe. Quen me dese gañar o concurso!*

- Enunciados imperativos:

Expresan unha orde, mandato ou rogo. Exemplo. *Que pase o seguinte. Recollede eses papeis do chan.*



- Enunciados exclamativos:

Manifestan subxectivamente sentimentos ou emocións (sorpresa, temor, alegría, contrariedade...) que parten da impresión do interlocutor.
Exemplos: *Xa chegaron os meus irmáns! Canto choveu onte!*



- Enunciados dubitativos:

Expresan algo dubidoso ou probable. Exemplos. *Se cadra estaremos de volta mañá. Quizais cambie o tempo.*

Na lingua oral a entoación ten moita importancia para precisar o significado das mensaxes. Na escrita temos que recorrer a signos gráficos: admiracións, interrogacións, puntos suspensivos, etc.